



# CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: MVA

Expte. Núm. 2019/E001/000001

## ACTA

Ás 9:00 horas do día vinte e catro de maio de 2019, na sala de usos múltiples do *Edificio Cultural Municipal Doutor Dopeso*, nas Pontes de García Rodríguez reúñense as persoas que a continuación se indican para integrar o tribunal encargado do proceso selectivo encamiñado á selección de técnicos de turismo (funcionarios interinos) que integrarán unha lista de espera á que acudir cando sexa necesario proceder ao seu nomeamento. A convocatoria e as bases que a rexen foron obxecto de aprobación mediante o Decreto 680/2019, do 25 de abril (BOP nº 82, do 2 de maio).

O Tribunal foi designado mediante o Decreto 809/2019, do 11 de maio, que tamén aprobou a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos e fixou o lugar e a data e hora de realización do proceso selectivo.

### Constitución do Tribunal

O tribunal queda constituído como a seguir se indica:

-Presidente:

Carlos Alberto Domínguez Adegas

-Vogais:

1ª) Julia Guerreiro Rodríguez

2ª) Marina Seco Paz

3ª) María Flora Vázquez Alonso

-Secretaria:

-Mª Carmen Rego Piñeiro.

-Asesora:

Noelia Cabarcos Novás

Logo de constituído o órgano de selección procédese ao chamamento das persoas aspirantes admitidas, para a realización do exercicio da fase de oposición (obrigatorio e eliminatorio).

Á súa realización non comparecen as persoas aspirantes que a continuación se indican, que decaen no seu dereito:

- González al, Eva Mª.

O órgano de selección encomenda a realización do exercicio escrito, a efectuar nos termos e duración reflectidos nas bases. Concluído este polas persoas aspirantes presentadas, o órgano de selección outorga as seguintes puntuacións nesta fase de oposición:

Apellidos e nome	Puntuación
Basoa Anca, Duarte	Non apto
Longueira Vázquez, Lorena	9,5
López Oteyza, Gens Cibrao	Non apto



# CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: MVA

Montero Pérez, Lucía	Non apta
Pardiñas Fernández, María Nieves	11
Pena Bermúdez, Adrián	Non apto
Rodríguez López, Ánxela	11

A continuación o tribunal valora os méritos da fase de concurso consonte o que se reflicte na táboa final que incorpora todas as puntuacións parciais e totais.

O órgano de selección, verifica que as persoas aspirantes que superan a fase de oposición están todas en posesión do certificado Celga 4 ou o seu equivalente e declara a innecesariedade de efectuar a proba específica de coñecemento da lingua galega.

## PUNTUACIÓN DAS DÚAS FASES E RESULTADO FINAL:

A continuación consígnanse os resultados da fase de concurso: en primeiro lugar a puntuación do apartado a), despois a do b) e a total da fase. A continuación sinálase a da oposición de por último a puntuación total, das persoas aspirantes que superaron o proceso selectivo:

Apelidos e nome	Fase Oposición	Fase concurso	Totais
Longueira Vázquez, Lorena	9,5	0,1	9,6
Pardiñas Fernández, María Nieves	11	1,3	12,3
Rodríguez López, Ánxela	11	2,97	13,97

Contra as cualificacións de cada exercicio as persoas aspirantes poderán reclamar perante o tribunal seleccionador no prazo de tres días (hábeles) a contar dende o seguinte ao de seren publicados os resultados na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios da Casa do Concello.

Contra a presente proposta de aprobados, publicación da lista de espera, etc., efectuada polo órgano de selección, as persoas aspirantes poderán interpor o recurso de alzada regulado nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), no prazo dun mes, perante o concelleiro-delegado da Área de Réxime Interno e Recursos Humanos, no prazo dun mes.

E non habendo máis asuntos dos que tratar, o presidente declara concluída a sesión, ás quince horas do día sinalado.

Do actuado redáctase a presente acta que é asinada, por quintuplicado exemplar, polos integrantes do órgano de selección.